

1 AS cantigas de escarnio e maldicir

1.1 Definición e significado

Así como as cantigas de amigo e as de amor forman parte do *cancioneiro amoroso* da lírica profana galego-portuguesa, as **cantigas de escarnio e maldicir** conforman a meirande parte do **cancioneiro satírico e de burlas**.

A súa importancia para nós é enorme e dobre. Por unha parte, son como **reportaxes**, en clave burlesca, dos acontecementos escandalosos da época e serven para interpretar os hábitos da sociedade medieval (**valor sociolóxico**); por outra, conteñen unha **riqueza léxica** que non tiñan nin as cantigas de amigo nin as de amor, o cal nos permite ter un mellor coñecemento da nosa lingua medieval (**valor lingüístico**).

Aínda que na tradición manuscrita non semella establecerse ningunha **distinción** entre cantigas de escarnio e cantigas de maldicir, esta si que aparece na *Arte de Trovar* do CBN:

Cantigas d'escarneo som aquelas que os trovadores fazem querendo dizer mal d'alguen en elas, e dizenlh'o per palavras cubertas, que ajan dous entendimentos pera lhe lo non entenderen ligeiramente.

Cantigas de maldizer son aquelas que fazem os trovadores mais descubertamente. En elas entran palabras que queren dizer mal e non aver outro entendimento se non aquel que queren dizer chãamente.

Polo tanto podemos discernir que:

- **Cantigas de escarnio** son aquelas que se basean na *equivocatio*, é dicir, na utilización de palabras con dobre sentido.
- **Cantigas de maldicir** son as que empregan palabras directas.

1.2 Oríxenes

É probable que as cancións satíricas galego-portuguesas se orixinasen sobre unha antiga **poesía autóctona** de tradición oral relacionada co entroido, recibindo posteriormente a influencia do **sirventés provenzal**.



O **sirventés provenzal** era unha composición satírica que se servía da estrutura e da melodía dunha canción preexistente. A través destas composicións os trovadores provenzais censuraban a persoas, criticaban os malos costumes, a política etc.



① As cantigas de escarnio e maldicir

1.3 Clasificación

As cantigas clasifícanse **formalmente** en **cantigas de mestría** e **cantigas de refrán**.

A clasificación **temática** é máis abondosa en motivos.

Sátira obscena

- Sátiras de soldadeiras, abadesas, homosexuais, cornudos etc.
- Sátira referida aos órganos reprodutores e a todo o relacionado co sexo.

Vos sodes mui fraquelinha molher
e já mais cavalgar non podedes;
mais, cada que quiser descavalgar,
mandade sempr[e] a best'achegar
a un caralho, de que cavalguedes.

Johan Garcia de Guilhade

Sátira social

- Burlas de vicios, costumes e defectos físicos.
- Sátiras contra:
 - As clases nobres (críticase a avaricia e a falta de escrúpulos etc.).
 - Os relixiosos (críticase a súa intromisión na política e os vicios etc.).
 - Avogados oportunistas, xuíces parciais, médicos, adiviños, astrólogos etc.

Sátira literaria

- Burlas e parodias doutros tipos de poesía, do amor cortés etc.
- Escarnios que se dirixen mutuamente trobadores e xograres, nos que se denuncia a falta de talento, a vida licenciosa etc. Dous dos xograres que máis críticas acapararon por incompetentes foron Lourenço e Lopo.

Sátira política

- Crítica a alcaldes e autoridades eclesiásticas que na guerra civil entre Sancho II de Portugal e Afonso (conde de Boloña), se pasaron ao bando deste usurpador.
- Cantigas nas que se pon de manifesto a covardía dalgúns vasalos de Afonso X na guerra de Granada contra os árabes.

Sátira moral

- Cantigas con carácter moral, próximas ao sirventés. Tratan sobre a corrupción, a desaparición de antigas virtudes, o abuso dos poderosos, a mentira que triunfa etc.

De longas vias, mui longas mentiras:
[aqu]este verv'antigu' é verdadeiro,
ca un ricom'achei eu mentireiro,
indo de Valedolide pera Toledo;
achei sas mentiras, entrant'a Olmedo,
e sa repost[a] en seu pousadeiro.

Nuno Fernandez Torneol

Don Martin Galo est'acostumado
de lhi daren algo todos de grado;
e dizen que é ben empregado,
sol que podessen acalantá-lo.
Ben mereç'algo Don Martin Galo,
Quando quiser cantar, por leixá-lo...

Airas Perez Vuitoron

O que foi passar a serra
e non quis servir a terra
é ora, entrat'a guerra
que faroneja?
Pois el agora tan muito erra
maldito seja!

Afonso X

U foy mesur', ou grãadez u jaz?
Verdad', u é? Quen á amigo leal?
Que fuy d'amor, ou trovar porque fal?
A gent'é trist'e sol non quer cantar!

Martin Moxa

1.4 Características xerais

Finalidade

O obxectivo é a **sátira**. Non teñen unha finalidade moralizadora, senón que unicamente **pretenden divertir**.

Temática

Presentan unha gran variedade temática xa que fan referencia a **tipos sociais, crenzas, institucións, acontecementos históricos, costumes, vicios, valores, medos** etc. coñecemento da historia e do home medievais.

Forma

Na meirande parte dos casos sérvense da estrutura característica das cantigas de amor aínda que algunhas adoptan a das cantigas de amigo.

Normalmente constan de:

- Unha **primeira cobra, con función narrativa**, na que se presenta o motivo central (exposición do suceso).
- Unha serie de **cobras, con función lírica**, nas que se repite o mesmo argumento con pequenas variacións.
- Unha **cobra final** na que se realiza unha interpretación ou **comentario en ton irónico**.

Lingua e recursos

Como xa temos sinalado, dispoñen dunha **gran variedade léxica** ao conteren termos relativos a distintas profesións (*besteiro*), grupos sociais (*infanzón*), partes do corpo humano (*embigo*), vestimenta (*calças*), lugares (*vila*) etc. Tamén conteñen vocábulos pertencentes a linguaxes específicas como a xurídica (*querelar*) ou artística (*citolar*).

Tamén abundan, especialmente nas cantigas de maldicir, **termos de carácter obsceno e escatolóxico** como *conón, cuu, peer, pissa, puta...*

Pedi eu o cono a u'a molher,
e pediu-m'ela cen soldos enton;

Pero d'Ambroa

Eu digo mal, com'ome fodimalho,
quanto mais posso daquestes fodidos
e trob'a eles e as seus maridos;

Pero da Ponte



① As cantigas de escarnio e maldicir

Recursos retóricos

Algúns dos recursos retóricos máis empregados son os seguintes:

O equívoco	Empregado nas cantigas de escarnio. Consiste en xogar co dobre sentido das palabras	Don Tisso Pérez, quería o'eu seer guardada do trebelho seu e er doar-lh'o baton que fui meu; mais non me poss'a seu jogo quitar; e, Tisso Pérez, que demo mi o deu por sempre migo querer trebelhar? Pero da Ponte
A ironía	Empregada nas cantigas de escarnio. Consiste en afirmar o contrario do que se pensa.	De parecer e de falar e de boas manhas aver, ela, nona pode vender dona no mund', a meu cuidar; Johan Garcia de Guilhade
O símil	Comparación do obxecto de burla con elementos vistos como negativos.	Non quer'eu donzela fea e negra come carvon, que ant'a mia porta pea nen faça come sison. Afonso X o Sabio
As metáforas e as metonimias	Uso de termos da linguaxe común cun significado especial, xeralmente de carácter obsceno.	Acto sexual: <i>ambrar, trebelhar...</i> Órgano xenital feminino: <i>caldeira, maeta, fendedura...</i> Órgano xenital masculino: <i>madeira, bastón...</i>

1.5 Algúns autores

Afons'Eanes do Coton

Trobador galego de mediados do século XIII. En opinión doutros poetas, era amigo do xogo, das mulleres e do viño.

Conservamos del 24 composicións, das cales 14 son cantigas de escarnio e maldicir nas que critica costumes e modas usando unha fina ironía, pero tamén un vocabulario obsceno e irreverente

Estevan da Guarda

Trobador portugués activo na primeira metade do século XIV. Conservamos 35 composicións, das que cómpre salientar 26 cantigas de escarnio e maldicir.

Pero García d'Ambroa

Trobador galego da primeira metade do século XIII. Chegaron a nós 14 cantigas, das que 11 son de escarnio e maldicir.

Pero da Ponte

Segrel galego de mediados do século XIII. Del coñecemos 53 cantigas, 33 das cales son sátiras.

É un dos poetas máis importantes, polo número de composicións, pola calidade e por cultivar todos os xéneros.